

CONTINUACIÓN DA MESA SECTORIAL DO 20/03/2018 ROGOS E PREGUNTAS

A **FeSP – UGT** lamenta a falta da Subdirección Xeral de Recursos Humanos pero achega os seus rogos e preguntas para que quede constancia deles e nos dean resposta na maior brevidade posible.

A **FeSP – UGT** quere poñer en valor o traballo desta organización sindical e do colectivo de profesorado en expectativa destino que, coa unión, conseguimos que a adxudicación definitiva do CXT 2018 sexa cun número elevado de vacantes que axudarán a mellorar a situación deste profesorado e **advertimos que se debe seguir traballando nesta liña** xa que aínda queda xente sen adxudicar e moitas prazas que analizar apra o vindeiro CXT.

A **FeSP – UGT** reitera a súa demanda **de ampliar os permisos de proxenitor xestante e proxenitor non xestante** e solicitamos, novamente, que esta terminoloxía non discriminatoria se aplique na plataforma de xestión da lista de substitutos.

A **FeSP – UGT** solicita a **reactivación da cláusula do acordo retributivos do 2003 de homologación salarial**. O conselleiro e a dirección xeral ten o noso estudo desde o ano pasado que nos sitúa á cola das CCAA e ; achegarémolo novamente para lembrarlle os datos á administración. A UGT quere lembrar que existe un **ACORDO ESTATAL asinado por esta organización sindical** que permite a negociación en determinados aspectos que inflúen no profesorado como os descontos por IT, a redución da xornada laboral, a recuperación de salario ... e queremos solicitar á administración que abra o diálogo ó respecto convocando ás organizacións asinantes do acordo para que prantexemos as nosas demandas e se leven a estudo.

A **FeSP – UGT** denuncia determinados aspectos relativos ó proceso de oposicións:

- Consideramos abusiva a comisión dos pagos telemáticos por entidades non colaboradoras (0.60€/0.62€) e denunciemos que a aplicación cixtec debe estar sen erros para poder facer o aboamento ou ampliar o prazo se matrícula.
- Esiximos a **revisión urxente das titulacións de acceso ás oposicións** e de mantemento en listas para os casos establecidos na anterior Mesa Sectorial (procesos comerciais, procedementos sanitarios e asistenciais ...)
- Modificación dos supostos en PES e FP no práctico xa que non pasou pola mesa de xeito que se igualem á alza en todos os corpos.

- Solicitamos, novamente, que a aceptación das vacantes de EOI sexan de aceptación voluntaria para o corpo de PES ou, de non ser o caso, que puntúe coma se traballasen no mesmo corpo..

A **FeSP – UGT** solicita de novo as **VACACIÓNS DE PRIMAVERA**: racionalización dos períodos lectivos mantendo un descanso fixo entre o 1 e o 10 de abril, sen alterar o número de días lectivos, pero desvinculando as vacacións da semana santa. Achegamos un escrito con todo o argumentario para incorporar á acta.

A **FeSP-UGT** solicita se volva a estudar a viabilidade da súa proposta **no relativo á organización coherente das materias afíns** mediante unhas comisións técnicas provinciais que xeren transparencia ou; como mínimo, mediante a limitación en número (como xa se fixo no CADP anterior) e en materias.

Esta organización sindical quere manifestar o seu **rexeitamento á organización da ABAU desde a CIUG**. Segundo o Ministerio de Educación agora o alumnado pode examinarse a parte voluntaria de 2ª lingua estranxeira II para mellorar a cualificación de admisión pero a CIUG xa publicou as ponderacións deste ano e non o ten en conta; polo que solicitamos que a administración que **transmita a necesidade de modificación deste aspecto**.

A **FeSP-UGT** denuncia que desde algunhas delegacións provinciais están denegando os **permisos sen soldo interinos algunhas especialidades** polo que solicitamos que non se coarte este dereito.

A **FeSP-UGT** solicita **información sobre a orde de cátedras negociada na anterior MS**. A FeSP-UGT solicita engadir un subepígrafa referido ao traballo noutros corpos de nivel 24, como funcionario en excedencia no corpo de Profesores de música e artes escénicas. O punto do baremo 1.1 reza: «Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario no corpo de profesores de música e artes escénicas que excedan dos oito anos esixidos como requisito». Dita redacción prexudica aos funcionarios que teñan traballado en máis dun Corpo, por aprobar outra oposición (simultánea ou posteriormente) á do Corpo dende o que accede a cátedras. Proponse outra redacción con vista a que a antigüidade conte (segundo o primeiro parágrafo da epígrafe), «como funcionario de carreira», aínda que teña traballado con posterioridade noutro corpo docente de igual ou superior nivel e complemento de destino. Así, manteríase a antigüidade como funcionario de carreira no Corpo dende o que accede, pero considerando ter estado en servizo activo no mesmo ou similar corpo (a idea é non penalizar aos funcionarios docentes que aprobaran máis dunha oposición).

Proponse para este 1.1, esta redacción:

«Por cada ano de antigüidade como persoal funcionario no corpo de profesores de música e artes escénicas, cumpridos en situación de servizo activo nel ou noutros de igual ou superior nivel e complemento de destino, que excedan dos oito anos esixidos como requisito».

Sindicato Nacional de Ensino Público

RECUPERACIÓN DE SALARIOS E DEREITOS